

Asociación Galega de Pais e Nais Separados

Estrada de Ombreiro Nº 116, 3º E 27004 Lugo
Tifs: 664782590



NOTA DE PRENSA:

Asunto: a Comisión Promotora formada por persoas da AGPNS instalará unha mesa en Ourense o vindeiro sábado día 10 para a recollida de sinaturas a favor da Iniciativa Lexislativa Popular no Parlamento Galego sobre a Coparentalidade nas separacións.

Este sábado, membros da asociación recollerán sinaturas a favor da ILP na Rúa do Paseo na cidade de Ourense. Deste xeito a Comisión Promotora finaliza na cidade a serie de actos de recollida de sinaturas que se levaron a cabo nas diferentes cidades, vilas e comarcas de Galicia.

Finaliza o día 16 o prazo dado pola Xunta Electoral Galega para a recollida de sinaturas para a proposición de lei, a súa aceptación no parlamento e o traballo posterior polos grupos políticos. Son necesarias 10.000 sinaturas para que se abra a posibilidade da súa tramitación e posible aprobación.

Con todo, non remata o traballo da Comisión Promotora e asociación xa que continuamos, entre outras actividades, co diálogo coas distintas forzas políticas presentes en Galicia a través, por exemplo, das mocións presentadas nos concellos galegos. Neste momento son xa 25 concellos galegos que apoian a tramitación da lei con representación de todas as cores políticas con representación no parlamento.

Con todo, estase traballando noutros concellos, como no de Ourense, para conseguir máis apoios.

Somos conscientes que a sociedade galega demanda unha lei que regule as relacións de nenos e nenas cos seus pais e nais. Así o indican as enquisas e así nolo fan saber ao longo das actividades que se levan a cabo en toda Galicia. Chega xa o momento de que os nosos representantes políticos respondan a esta demanda como xa o fixeron no País Vasco, Navarra, Aragón, Cataluña e Valencia.

En Ourense a 8 de xuño de 2017. Orlando Iglesias e Lois Toirán.